

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP DAS FONTIÑAS
CURSO: 1º EDUCACIÓN PRIMARIA
MATERIA: INGLÉS
DATA: 12/05/2020

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Comprender o sentido xeral de textos orais propios da súa idade (contos breves e moi sinxelos, rimas infantís, adiviñas moi evidentes) emitidos con ritmo discursivo lento, con claridade e de viva voz ou por medios técnicos que non distorsionen a percepción da mensaxe, con apoio visual moi redundante que axude á comprensión.	PLEB1.1. Comprende a información esencial dun conto, rima ou canción moi breves e sinxelos, previamente traballados, emitidos lentamente, cunha pronuncia ben articulada, e con apoios visuais moi redundantes que axuden á comprensión.
B1.2. Comprender preguntas e informacións relativas á información persoal moi básica (nome, idade, gustos ...), sinxelas, así como instrucións e peticións elementais relativas ao comportamento na aula.	PLEB1.2. Comprende vocabulario moi elemental e sinxelo sobre temas familiares acompañados de imaxes que os ilustran con claridade.
B1.3. Facer hipóteses sobre o posible sentido dun texto apoiándose en elementos paraverbais moi evidentes e en situacións de comunicación moi familiares.	PLEB1.3. Comprende preguntas moi básicas sobre si mesmo/a (nome, idade, gustos...) e a información igualmente básica sobre outras persoas.
B2.1. Falar de si mesmo/a e de persoas da súa contorna inmediata, de lugares e obxectos achegando información moi fundamental: idade, nome, gustos, usando expresións e frases moi sinxelas e de uso moi frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos.	PLEB2.1. Fai presentacións moi breves e elementais previamente preparadas e ensaiadas sobre temas moi próximos a si mesmo/a (dicir o seu nome, idade, a súa cor favorita, presentar á súa familia, indicar os seus gustos) cunha pronuncia e entoación comprensibles.
B2.2. Participar de maneira simple e comprensible en conversas que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou sobre temas moi familiares, aínda que en ocasións a pronuncia non sexa moi clara e poida provocar malos entendidos.	PLEB2.2. Pregunta e responde para dar/obter información en conversas moi sinxelas e elementais (nome, idade, cor favoritas ou gustos).
B2.3. Producir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos	PLEB2.4. Reproduce comprensiblemente textos orais moi sinxelos e breves (p.e. cancións, rimas) aprendidos a través de xogos.
B3.1. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos moi breves, sinxelos e moi elementais, e nos que o tema tratado e o tipo	PLEB3.1. Comprende palabras e frases moi sinxelas escritas, relacionadas cos temas traballados.

de texto resulten moi familiares, e conteñan apoio visual moi redundante en soporte papel ou dixital.	
B3.2. Utilizar as estratexias básicas de hipótese para a comprensión do sentido xeral e a identificación da información esencial do texto.	PLEB3.2. Comprende a idea principal dunha historia moi elemental acompañada de apoio visual e identifica os e as personaxes principais.
B4.1. Escribir textos moi curtos e sinxelos, seguindo modelos, compostos de frases simples illadas, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas máis elementais e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo/a, da súa contorna máis inmediatea e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.	PLEB4.1. Escribe palabras relacionadas coa súa imaxe e a súa vida cotiá.
B4.3. Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección palabras e frases curtas que utiliza normalmente ao falar, pero non necesariamente cunha ortografía totalmente normalizada.	PLEB4.3. Escribe frases moi sinxelas, lexibles, organizadas con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura.
B5.2. Iniciar e rematar as interaccións adecuadamente.	PLEB5.2. Recoñece e utiliza fórmulas básicas de relación social. PLEB5.4. Diferenza saúdos de despedidas e o uso fórmulas de cortesía (Please, thank you, excuse me).
B5.4. Expresar nocións moi básicas e elementais relativas a tamaño, cantidade, posesión, número calidades físicas, forma e cor.	PLEB5.3. Participa voluntariamente nas actividades de aula e amosa curiosidade pola lingua e por coñecer aspectos socioculturais dos países onde se fala.
B5.3. Obter e dar información básica persoal, sobre a súa contorna máis inmediatea e na situación de comunicación propia da aula.	PLEB5.5. Pregunta e responde de xeito comprensible sobre aspectos persoais moi básicos nome, idade e gustos) e da súa contorna (obxectos, espazos e seres vivos).
B5.5. Expresar e identificar estados de ánimo básicos	PLEB5.6. Expresa e identifica estados de ánimo básicos (happy, sad...)
B5.8. Recoñecer estruturas sintácticas básicas e os seus significados asociados.	PLEB5.9. Diferenza preguntas e respostas moi simples.
B5.10. Mostrar un control limitado dun conxunto de estruturas gramaticais sinxelas e de modelos de oracións e frases dentro dun repertorio memorizado.	PLEB5.10. Memoriza rutinas lingüísticas básicas e moi sinxelas para, por exemplo, desenvolverse nas interaccións de aula.
B5.11. Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en contextos comunicativos sinxelos.	PLEB5.11. Participa activamente en xogos de letras, elaboración de glosarios ilustrados etc.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación (3º trimestres):</p> <p>A avaliación atenderá ao seu carácter continuo e global, diagnóstico e formativo, a partir das avaliacións anteriores e as actividades desenvolvidas durante este período, sempre que iso favoreza ao alumnado.</p> <p>Valorarase a resolución de exercicios e actividades propostos:</p> <ul style="list-style-type: none"> ○ Computará a constancia e esforzo no traballo mediante as achegas das actividades realizadas nun 60%. ○ A calidade e corrección dos exercicios estimarase nun 40%.
Cualificación final	<p>Na cualificación final do curso terá un peso dun 40% a cualificación da primeira avaliación e un peso do 60% a cualificación da segunda avaliación.</p> <p>A terceira avaliación computará, unicamente de maneira positiva, ata un máximo do 30%.</p> <p><i>No caso de alumnado que teña avaliación negativa nunha ou nas dúas avaliacións anteriores, as tarefas realizadas no terceiro trimestre poden permitir a promoción de curso ao alumnado coas avaliacións presenciais non superadas</i></p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	<p>As actividades serán adaptadas para o traballo autónomo do alumnado no reforzo dos contidos traballados engadindo unha ampliación no ámbito de vocabulario específico.</p> <p>Se englobarán:</p> <ul style="list-style-type: none">○ Actividades receptivas mediante textos culturais, cancións, rimas e contos.○ Actividades produtivas mediante tarefas interactivas e a colaboración das familias como axente receptor da comunicación oral.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>A metodoloxía seguida no 3º trimestre estará guiada por tres puntos:</p> <ul style="list-style-type: none">○ A motivación do alumnado é imprescindible. Se procurará promover situacións comunicativas que inclúan o xogo e contextos próximos aos seus intereses para captar a atención e facilitar a aprendizaxe.○ Se fomentará o desenvolvemento da autonomía dos escolares utilizando unha linguaxe sinxela, clara e estruturada na presentación dos contidos. Tamén se graduarán e xerarquizarán as actividades coa mesma intención (propoñendo en último lugar as que requiran un maior grao de habilidade e autonomía). Ademais, se incidirá nos procedementos e técnicas de aprendizaxe, que inclúen unha reflexión sobre os contidos que son obxecto de estudo e unha revisión final.○ Cada escolar aprende de distintas formas e a ritmos diferentes. Seguindo esta máxima, se manterá unha temporalización flexible e adaptada á situación e necesidades de cada alumno/a.
Materiais e recursos	<p>Os materiais didácticos se presentan en formato PDF para a súa impresión en papel e en formato dixital para o traballo en ordenador, tableta dixital e outros dispositivos electrónicos con conexión a internet.</p>

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	<p>A información ás familias farase por distintos medios:</p> <ul style="list-style-type: none">○ A páxina web do centro○ O correo electrónico○ A aplicación Abalar
Publicidade	<p>Este documento será publicado de forma pública na páxina web do centro educativo.</p>